

INSTRUCCIÓN DA VICERREITORÍA DE PLANIFICACIÓN ECONÓMICA E INFRAESTRUTURAS SOBRE A IMPUTACIÓN DE DETERMINADOS GASTOS DO CAPITULO VI.

As instrucións para a xestión do inventario de 2 de agosto de 2006, establecen con carácter xeral no apartado 2.1.- MATERIAL INVENTARIABLE:

Incluíranse no inventario os bens non funxibles que reúnan as seguintes características:

- *Que se lle calcule unha vida útil superior ao exercicio orzamentario e sexa amortizable.*
- *Que teñan un custo unitario igual ou superior a 300 €.*

En parágrafos posteriores do mesmo apartado, relaciona a título indicativo, determinados bens excluídos da súa alta no inventario.

Estas excepcións de inventario, non implican (nalgúns casos) que os bens adquiridos non se imputen orzamentariamente ao capítulo VI do orzamento de gastos.

Como consecuencia desta imputación e a non inclusión no inventario dos bens, prodúcese un desaxuste entre a contabilidade orzamentaria e a financeira.

Coa finalidade de corrixir este desaxuste, cómpre dispoñer de partidas orzamentarias que non estean vencelladas coas contas do plan xeral contable.

A este efectos créanse na clasificación económica os subconceptos seguintes:

- 622.54 NON INVENT. EDIFIC. E OUTR. CONSTRUCCIÓNS**
- 623.54 NON INVENT. MAQUINARIA E INSTALACIÓNS**
- 625.54 NON INVENT. MOBILIARIO E EQUIPAMENTO**
- 626.54 NON INVENT. EQUIPAM. INFORMÁTICO**

Imputaranse a estes subconceptos os gastos en bens que non vaian a ser inventariados.

A Coruña 14 de abril de 2015

A vicerreitora de Planificación
Económica e Infraestruturas



Amalia Blanco Louro